



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

ACTA 2016-1

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO ORDINARIO
3 de Febreiro de 2016

Lugar

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

13:30

Hora de Finalización

14:30

Presidente: JOSE LUIS SUAREZ MARTINEZ
Secretario: PAULINO FERNANDEZ SALGADO

MEMBROS ASISTENTES

ALBERTO RODRIGUEZ GARCIA
DELFIN BOO PAYO
DELFIN FIDALGO CARBALLO
FRANCISCO JAVIER LIMIA FEIJOO
MARIA DEL CARMEN SOLA PEREZ
MARIA ROSA GONZALEZ RIVERO
MARINA SALGADO CARNERO
SALVADOR ZARRAQUIÑOS SEGUIN
SERAFIN AUGUSTO DAMEA
YOLANDA DOMINGUEZ GALLEGO

A Presidencia declara aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 2 DE DECEMBRO DE 2015

O alcalde pregunta aos membros asistentes se teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión de data 2 de decembro de 2015. Non se formula ningunha obxección, polo que a dita acta apróbase por unanimidade.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE MONTERREI SOBRE O ARRANXO DE RÚA NO BARRIO MOLELOS DE ALBARELLOS

Dáse conta da moción do Grupo Veciños de Monterrei sobre o arranxo de rúa no barrio Molelos, en Albarellos, a cal é do seguinte teor:

" O grupo municipal Veciños de Monterrei, co NIF G32461436, presenta para o vindeiro Pleno ordinario a seguinte MOCIÓN: arranxo de rúa no barrio Molelos en Albarellos.

Solicitamos a consideración do Pleno para que se proceda ao arranxo da rúa no barrio de Molelos en Albarellos"

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Medio Ambiente, Urbanismo, Vivenda, Servizos e Obras Públicas do 29 de xaneiro de 2016.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Toma a palabra o concelleiro do Grupo Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia Feijoo, e di:

- Presentamos a moción despois de falar cos veciños, que faláron con nós polo estado no que se encontra a rúa. Nas fotos que se xuntaron na moción xa se ve.

Toma agora a palabra o voceiro do BNG, Alberto Rodríguez García, para dicir:

- Dende o Grupo do BNG apoiamos a moción debido a que é unha das rúas que ten grandes problemas polo tema do sumidoiros e debido a que xa fai anos que levamos reclamando unha partida orzamentaria para o cambio das tubaxes, porque aínda son das antigas. Apoiamos a moción e solicitamos que dende o Concello se estude ben este grave problema e se lle dea solución o antes posible.

O alcalde é o que toma neste momento a palabra e di:

- Nós, dende o Grupo Popular, queremos facer antes unhas precisións de carácter xeral con relación a todas as mocións que vostedes presentan. O que vostedes presentan non son mocións, entérense ben de como aplicar esta figura que recolle a normativa de réxime local. O que vostedes presentan son rogos. Non é de recibo seguir por este camiño, e como vostedes dixeron no Pleno de outubro, cando se tratou do tema dos refuxiados de Siria, e á vista de que se preocuparon polo excesivo gasto que tiña para os efectos de ter que convocar a correspondente comisión, agora tamén se lles pode aplicar a vostedes o mesmo. Coa súa política de presentación de mocións para calquera asunto, soamente no Pleno deste mes, tiveramos aforrado case que 1.360 €, que podían ser destinados a parte das cousas que vostedes propoñen. Poden presentala pola vía de urxencia ou mellor como rogo, que é en realidade o que son estas propostas. Eu, como sigan vostedes por este camiño, voume ver na necesidade de non incluílas na orde do día de futuras convocatorias.

Con relación xa en concreto a esta moción que presentan sobre o arranxo da rúa no barrio de Molelos, en Albarellos, en primeiro lugar cabe dicir que, como sinalaba Alberto, nunha reunión que tivo este alcalde coa Xunta Veciñal aquí en Albarellos, esta petición non foi realizada, pois a principal reivindicación que se fixo nesa reunión que tivemos foi a da rúa Central, como xa se fixera anteriormente nalgún pleno, creo que a petición súa, de Veciños de Monterrei.

Unha vez presentada a moción, fomos comprobar o estado da rúa no barrio Molelos e, efectivamente, necesita unha reforma, pero quizais como necesitan outras rúa de aquí de Albarellos, ademais da rúa Central. E isto tamén o pode corroborar o concelleiro, Delfín, que tamén foi ver as rúas aquí, na localidade de Albarellos.

As disponibilidades orzamentarias son as que son, e nós non podemos facelo todo a un tempo, aínda que aquí teño que dicir que a Xunta de Albarellos é colaboradora, quere facer cousas compartidas con este equipo de goberno e o cal lle agradezo.

A nosa proposta en relación coa moción presentada é a de votar a favor, pero sempre e cando se fale coa Xunta de Albarellos e se priorice que obras facer e cales non se poden facer, porque non se poden facer todas dun golpe, senon que as haberá que ir facendo por fases e ademais está o segundo apartado, hai que contar coas disponibilidades orzamentarias que teñamos tanto nós, por parte do Concello, como por parte da Xunta Veciñal de Albarellos. E neste senso sempre se manifestan a favor de realizar eles achegas para este tipo de obras en beneficio do todo o pobo. Entón, ese é o noso sentido do voto, a favor pero que se fale coa Xunta de aquí de Albarellos e se priorice, e despois contar co visto e prace da Intervención de aquí do Concello.

Toma de novo a palabra Francisco José Limia e di:



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

- Está claro que o das mocións o podemos interpretar de formas completamente distintas. Non o facemos para terlle gastos ao Concello. De entrada hai mocións que se podían ter xuntado e no entanto é vostede quen as mete nunha comisión ou noutra, iso por un lado. Por outro lado, si, ten maioría, e pode ditaminar se incluía ou non no Pleno. Se non a quere incluír...Os nosos votos sempre van ser a favor do que presentemos, lóxicamente.

O alcalde di:

- O de qu eu podo meter dúas mocións nun mesmo punto, iso non sei ata que punto se pode facer.

A isto replícalle o concelleiro Limia Feijoo:

- Non, na mesma comisión. No anterior pleno, que era de obras, por exemplo, o do teleclub, meteuno nunha comisión de xuventude e non sei que máis. Realmente era de obras. Cuestión de interpretación. É que depende como se interprete.

Intervén o secretario e di:

- Vótase a moción tal e como a presentou Veciños, tal e como a presentou Alberto ou que se fale coa Xunta de Albarellos e das dipoñibilidades económicas? Tedes que aclaralo.

Ao que o alcalde di:

- Eu entendo que primeiro hai que votar a moción deles.

De novo o secretario:

- E non sería mellor chegar primeiro a un acordo? Isto había que tratalo na comisión informativa, alí había que chegar a un acordo.

Toma a palabra o concelleiro do Grupo Veciños de Monterrei, para dicir:

- Nós presentamos unha moción e eu creo que hai determinados servizos que é o Concello quen os ten que facer, servizos por exemplo de subministración de auga etc. Que despois se poña o Concello de acordo co pobo, nós non imos votar en contra diso. Se se pon de acordo co pobo, lóxicamente é o pobo quen termina decidindo.

Sinala o alcalde:

- En coordinación coa Xunta, o Concello é quen se encarga de facer o tema de auga, sumidoiros e servizos básicos.

Di o concelleiro de Veciños:

- Na reunión que dixo que tivera coa Xunta do pobo, eu non estiven, lóxicamente. Eu o que si sei é que esta, se se presentou é porque os veciños de alí o reclamaron.

Intervén de novo o secretario:

- Eu o que me refiro é se estades de acordo en facer unha moción conxunta. Porque senón temos que votar tres veces: a moción como a presentades vós, a moción coa modificación que presenta Alberto ou a moción coa modificación que presenta o grupo de goberno.

O alcalde expón o seu parecer do seguinte xeito:

- Eu entendo que primeiro hai que votar a moción deles, despois a moción do Alberto e despois a moción emendada. A non ser que vostedes estean de acordo coa emenda que nós



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

fixemos á moción e se aprobe nese sentido.

O voceiro do BNG, Alberto Rodríguez García di:

- Pola miña parte non hai ningún problema, vou votar a favor.

Puntualiza o concelleiro de Veciños, Francisco Javier Limia:

- Se metemos a apostila da dispoñibilidade económica, ao final é como "cando sexa".

E remata dicindo o secretario:

É que o problema de aprobar unha moción sen dispoñibilidade económica non ten ningunha validez.

Así que, logo de debater o asunto e someterse a moción a votación, o Pleno, por unanimidade, ACORDA aprobar a moción do Grupo Veciños de Monterrei coa emenda do Grupo do Partido Popular: sempre e cando se fale coa Xunta de Albarellos e contando coas dispoñibilidades orzamentarias.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE MONTERREI SOBRE O ARRANXO DE RÚAS NA LOCALIDADE DE INFESTA

Dáse conta da moción do Grupo Veciños de Monterrei sobre o arranxo das rúas na localidade de Infesta, a cal é do seguinte teor:

" O grupo municipal Veciños de Monterrei, co NIF G32461436, presenta para o vindeiro Pleno ordinario a seguinte MOCIÓN: arranxo das rúas na localidade de Infesta.

Solicitamos a consideración do Pleno para que se proceda ao arranxo da rúa Fonte Milagrosa e rúa do Canto, na localidade de Infesta"

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Medio Ambiente, Urbanismo, Vivenda, Servizos e Obras Públicas do 29 de xaneiro de 2016.

O alcalde pregunta ao Grupo Veciños de Monterrei se quere engadir algo máis, ao que o concelleiro, Francisco Javier Limia Feijoo, responde:

- Non, de feito aí os documentos gráficos aínda son máis claros que no outro. Aí a maioría delas ao día de hoxe simplemente son terra, xa non teñen nada.

O voceiro do BNG, Alberto Rodríguez, di que el vai votar a favor.

Deseguido, toma a palabra o alcalde para dicir:

- O Grupo Popular, en relación a esta moción, quere facer as seguintes consideracións:

Esta proposta pon de manifesto os problemas que acarrea facer este tipo de peticións tan específicas nunha localidade pequena como Infesta. Porque, claro, eu fun a Infesta a ver estas dúas rúas e falar cos veciños.

Di Francisco José Limia:

- Hai unha terceira.

Continúa o alcalde:

- Si, pero vostedes na moción falan do que falan. E (continuando co argumento do parágrafo



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

anterior) enseguida me dixeron que había outras necesidades máis urxentes noutras rúas, así como a reforma do forno. Dígolle isto porque ao dicirlle que vostedes propoñían en concreto esas dúas rúas xa xurdiron as suspicacias de que vostedes só piden para os seus amigos e non para a totalidade dos veciños de Infesta. Recomendación que lles fago, que non sei se caerá en saco roto: que teñan coidado con estas peticións.

Aquí en Infesta, a diferenza do resto de veciños que se viron con este alcalde e hai unha colaboración perfecta, a Xunta Veciñal vai por libre. E pódennlle mandar recado. Non quere colaborar con este equipo de goberno. Aínda que nós imos seguir traballando por esta localidade e a súa xente, dentro das dispoñibilidades orzamentarias que teñamos. Pero eu creo que con colaboración por ambas as dúas partes poderíase facer moito nesta aldea. Quero lembrarlles a cantidade de diñeiro que ingresan polo monte, que tiña que facer de Infesta unha localidade exemplo para os demais se tivesen unha boa xestión e unha comunidade de montes colaboradora. É unha mágoa que isto ocorra. Pórialles infinidade de exemplos desta falta de colaboración.

No tema do arranxo das rúas, efectivamente, as dúas rúas das que falan están nun estado que hai que arranxar pero hai máis. Fálanme da rúa Germán, da rúa San Miguel, da rúa San Vicente e, como lles dixen antes, restaurar o forno público.

A brigada da Deputación, que ten colaborado con nós, estivo fai dous anos e arranxou algunha destas rúas e a estrada que vai a Guimarei. A brigada da Deputación actualmente anda nas aldeas da montaña e como tamén ten que ir a Guimarei, faríanse tamén as rúas de aquí de Infesta. Unha vez que acaben en Guimarei, pasarían a Infesta.

En consecuencia, o noso voto en relación a esta moción vai ser a favor, sempre que se arranxen non só esas rúas, senon tamén todas as outras rúas que me pediron os veciños e se o podemos facer coa brigada da Deputación mellor, e se non o podemos facer coa brigada da Deputación, pois ata que teñamos dispoñibilidade orzamentaria.

Nese momento, o secretario fai unha puntualización:

- A brigada da Deputación ten problemas porque son rúas moi estreitas. Eu lembrome que en Infesta tiñamos ese problema.

O alcalde continúa:

- A nosa intención é a de arranxar non só esas rúas senon o resto de rúas de Infesta.

Toma entón a palabra o concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco José Limia e manifesta:

- Eu o do forno, a verdade é que agradezo que o recoñeza porque cando presentamos a moción do forno, e si colaboraban os veciños, o que vostede contestou é que o que lle pedían os veciños era arranxar a beira do río. Hai por aí unha acta.

Replicalle o alcalde ao concelleiro:

- Non. Eu díxenlle o do forno e do contorno do río. O forno era outra prioridade. Agora que o río xa o arranxamos co obradoiro, pois é normal que pidan o forno, porque era a segunda das prioridades.

Francisco José Limia continúa a dicir:

- Eu creo que foi nunha acta de agosto ou outubro e dixo que falara cos veciños e que non era unha prioridade dos veciños. Nas actas está.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

O alcalde di de novo:

- Estoulle dicindo que daquela, lémbrome perfectamente, a prioridade dos veciños era o río. Naquel momento. O do río fíxose co obradoiro, e a continuación, de seguido, son as rúas e o forno. A principal preocupación é o forno.

Replica o concelleiro Limia:

- Si, porque xa llo dixemos. De feito foi a primeira moción que presentamos de Infesta, o forno.

A continuación sométese a moción a votación e o Pleno, por unanimidade, ACORDA aprobar a moción do Grupo Veciños de Monterrei, coa ampliación desta a todas as rúas de Infesta que o precisen.

DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2015

O alcalde dá conta aos asistentes que con data 25 de xaneiro de 2016 informouse ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do período medio de pagamento correspondente ao cuarto trimestre do 2015, de conformidade co artigo 4.1.b da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministración previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo.

O detalle do informe é o seguinte:

Importe de pagamentos realizados: 318.094,20 €

Importe de pagamentos pendentes: 14.848,29 €

Periodo medio de pagamento: 15,57 días.

O Pleno dáse por informado.

DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE ANUAL (4º TRIMESTRE) 2015

Dáse conta, ao abeiro do artigo 5.4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, polo que se establecen as medidas de loita contra a morosidade, do informe correspondente ao cuarto trimestre de 2015, que se remitiu ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 25 de xaneiro de 2016:

Facturas pagadas:

ENTIDADE: 01 CONCELLO DE MONTERREI		EXERCICIO: 2015	
TRIMESTRE 4. INFORME OFICIAL DOS PAGAMENTOS REALIZADOS			
Pagamentos realizados no trimestre	Período medio pagamento (PMP) (días)	Pagamentos realizados no trimestre	
		Dentro período legal pagamento	Fóra período legal pagamento



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

	Período medio pagamento (PMP) (días)	Número de Pagamentos	Importe Total	Nº de Pagamento s	Importe Total
Gastos en bens correntes e servizos	44,66	114	111.164,25	154	130.527,56
Aplicados ao orzamento (Capítulo 2) por artigos					
20- Arrendamentos e canons	0,00	0	0,00	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	58,53	17	23.426,65	65	72.181,26
22- Material, Subministracións e outros	35,60	97	87.737,60	89	58.346,30
23- Indemnizacións por razón do servizo	0,00	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro	0,00	0	0,00	0	0,00
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,00	0	0,00	0	0,00
2 - Sen desagregar	0,00	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar ao orzamento	0,00	0	0,00	0	0,00
Investimentos reais	51,89	2	15.421,03	7	98.426,67
Pendientes de aplicar o orzamento	0,00	0	0,00	0	0,00
Total pagamentos realizados no trimestre	46,98	116	126.585,28	161	228.954,23

Xuros de demora pagados no período:

ENTIDADE: 01 CONCELLO DE MONTERREI		EXERCICIO: 2015	
TRIMESTRE 4. XUROS DE DEMORA PAGADOS NO PERIODO			
Xuros de demora pagados no período	Xuros de demora pagados no período		
	Número de pagamentos	Importe total de xuros	
Gastos correntes en bens e servizos	0	0,00	
Investimentos reais	0	0,00	
Outros pagamentos realizados por operacións comerciais	0	0,00	
Pagamentos realizados pendentes de aplicar ao orzamento	0	0,00	
TOTAL XUROS DE DEMORA PAGADOS	0	0,00	

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do período:



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

ENTIDADE: 01 CONCELLO DE MONTERREI			EXERCICIO: 2015		
TRIMESTRE 4. INFORME OFICIAL DE FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE PAGAMENTO AO FINAL DO PERÍODO					
Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do período	Período medio de pagamento pendente (PMPP) (días)	Pendentes de pagamento ao final do período			
		Dentro período legal pagamento a final do período		Fóra período legal pagamento ao final do período	
		Número de operacións	Importe total	Número de operaci óns	Importe total
Gastos en bens correntes e servizos	1,00	8	13.172,86	0	0,00
20- Arrendamentos e canons	0,00	0	0,00	0	0,00
21- Reparacións, Mantemento e conservación	0,00	0	0,00	0	0,00
22- Material, Subministracións e outros	1,00	8	13.172,86	0	0,00
23- Indemnizacións por razóns do servizo	0,00	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro	0,00	0	0,00	0	0,00
Investimentos reais	0,00	0	0,00	0	0,00
Outros Pagamentos pendentes por operacións comerciais	0,00	0	0,00	0	0,00
Operacións pendentes de aplicar ao orçamento	0,00	0	0,00	0	0,00
Total operacións pendentes de pagamento ao final do trimestre	1,00	8	13.172,86	0	0,00

O Pleno dáse por informado.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE MONTERREI SOBRE A CREACIÓN DUN PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

Dáse conta da moción do Grupo Veciños de Monterrei sobre a creación dun Punto de atención á infancia, a cal é do seguinte teor:

" O grupo municipal Veciños de Monterrei, co NIF G32461436, presenta para o vindeiro Pleno ordinario a seguinte MOCIÓN: creación dun PAI (Punto de atención á Infancia) que axude á conciliación familiar e laboral mentres os nenos non empezan a etapa escolar".

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Sanidade, Educación, Xuventude, Deportes, Cultura e Turismo, do 29 de xaneiro de 2016.

Toma a palabra a voceira do Grupo Veciños de Monterrei, María del Carmen Sola Pérez e di:
- Como xa comentamos no Pleno anterior, durante todos estes anos non se fixo nada para evitar que o rural se despoboe. O Grupo Veciños de Monterrei está convencido de que a



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

creación dun Punto de Atención á Infancia fomentará o asentamento de xente nova no rural axudando á conciliación da vida persoal e familiar. Outros concellos gobernados polo PP xa contan con estas infraestruturas, por exemplo en Riós teñen un PAI financiado coa axuda da Deputación e en Oímbra teñen algo mellor, unha escola infantil con ata 31 prazas.

O voceiro do BNG, Alberto Rodríguez García, manifesta:

- Eu vou votar a favor.

Deseguido, o alcalde di:

- Nós, en relación a esta moción, dicir que esta moción si que é un auténtico bride ao sol. Parece mentira que un tema tan importante coma este, vostedes o limiten a dúas liñas. Na moción falta todo. É unha moción totalmente baleira de contido: exposición de motivos, que agora acaba de dar algún deles, razóns que xustifican a medida, localización do PAI, custo, tanto da construción como do mantemento, financiamento e, o máis importante, se hai nenos de 0 a 3 que fagan posible esta instalación. Lémbrolle que en Oímbra, que é unha escola infantil, que non é de 31, que é de 21 nenos, hai 15 nenos, non só do Concello de Oímbra, senon que moitos dos nosos nenos van alí, a Oímbra. E en Riós hai 8 nenos, de 12 prazas posibles.

Pero eu voulle dar datos por se vostedes non o saben, que este equipo de goberno xa leva traballando neste tema, a nós isto non nos pilla por sorpresa. Nenos no concello de 0 a 3?, témoslos, hai cerca de 32 rapaces que teñen de 0 a 3 anos. Outra cousa é que, tal e como está o mercado de traballo, os pais os leven á gardería, porque a gardería custa diñeiro, sería no caso de traballen os dous e dependendo da localización da gardería. Darlle máis información: hai dous modelos, hai un modelo Galiña Azul que, efectivamente, téñeno en Oímbra e hai o modelo PAI que está en Riós. A diferenza fundamental é o persoal para un e o outro: no PAI, unha persoa atende aos 8 nenos que hai en Riós, mentras que en Oímbra, xa se require máis volume de persoal, as instalacións xa teñen que ser doutro tipo, xa teñen que cumprir outras características. O custo anual da Galiña Azul, por exemplo a de Oímbra, é preto de 90.000 €. O Concello tería que achegar 30.000 €. Sae o custo de alumno en 4.500 €, dos cales, 1.500 págaos a Xunta, 1.500 a familia e 1.500 o Concello. O Concello só paga dos rapaces que están censados no municipio. O PAI sae máis barato, pero ten outros requisitos.

O gasto de construción depende de se se colle un local que teñamos aquí e o acondicionamos, isto é distinto a se se fai unha escola totalmente nova. Hoxe sae na prensa precisamente a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ourense que pide unha escola infantil e o custo está cerca de 400.000 €.

A nosa idea, voulle explicar a idea na que traballa este equipo de goberno, e xa o comentamos coa conselleira de entón, e volveremos ir co conselleiro actual, é traballar na construción dunha escola infantil en unión con outros concellos. Estamos tendo negociacións co Concello de Castrelo para facer unha escola infantil entre os dous concellos, que eu creo que é o camiño a seguir. Se non podemos facer a escola infantil, porque non a facemos entre os dous concellos, pois, loxicamente, teríamos que irnos a un PAI. Pero este equipo de goberno o que trata de conseguir é unha escola infantil. Se non, aínda temos outra opción que me ofreceron o outro día que é o das casas berce, que é unha experiencia piloto que está intentando implantar a Consellería, que a través de mulleres autónomas, que poñan unha casa acondicionada, cunha serie de requisitos, poderían coidar ata catro nenos de 0 a 3 anos. Pero xa lles digo, isto é unha experiencia piloto.

En resumo, e xa para rematar, a nosa postura en relación á moción é en contra. Nós non podemos votar a favor desta moción por falta total e absoluta de contido. E invitar a todos os



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

grupos para que realicen todas as achegas que consideren necesarias para poder dotar a este concello dunha instalación deste tipo.

Replicálle a voceira do Grupo Veciños de Monterrei, María del Carmen Sola:

- Non estou de acordo co que acaba de dicir co do brinde ao sol, cando me está dicindo que vai intentar crear unha escola infantil que supón máis prazas.

Manifesta o alcalde:

- É un brinde ao sol o contido da moción, que son dúas liñas.

Continúa a dicir a voceira de Veciños de Monterrei:

- Ben, o contido da moción está desenvolvido. Eu tamén lin o Decreto 329/2005 onde di exactamente os tipos: puntos de atención á infancia, escolas infantís...iso todo lino, pero evidentemente non ía explicar todo iso na moción.

Dille o alcalde á voceira:

- Si, pero: en relación ao resto de aspectos?, a localización?

Respóndelle María del Carmen Sola:

- Iso será unha cousa que ten que estudar o equipo de goberno ou o Concello.

O alcalde di:

- Non, perdoe, cando vostede fai unha moción ou unha proposta dunha moción dunha instalación, pois terá que ir acompañada.

Engade a voceira de Veciños de Monterrei:

- E dun estudo económico tamén...

Ao que lle di o alcalde:

- Non, se non fai falta un estudo económico, pero que menos que na exposición de motivos falar algo de todos estes requisitos necesarios para poñer en marcha o PAI. E vostede non o fai. Vostede limitábase a dúas liñas e polo tanto non podemos votar a favor, porque non se trata dunha moción no seu contido estrito.

A continuación sométese a moción a votación e o Pleno, por catro votos a favor do Grupo de Veciños de Monterrei e o BNG e sete votos en contra do Grupo Popular, ACORDA rexeitar a moción do Grupo Veciños de Monterrei.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE MONTERREI SOBRE A ARRANXO DO CEMITERIO DE ALBARELLOS

Dáse conta da moción do Grupo Veciños de Monterrei sobre o arranxo do cemiterio de Albarellos, a cal é do seguinte teor:

" O grupo municipal Veciños de Monterrei, co NIF G32461436, presenta para o vindeiro Pleno ordinario a seguinte MOCIÓN: arranxo do cemiterio de Albarellos.

Tras as numerosas queixas recibidas polos veciños, solicitamos a consideración do Pleno para que se proceda ao arranxo do cemiterio da localidade de Albarellos".



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Sanidade, Educación, Xuventude, Deportes, Cultura e Turismo, do 29 de xaneiro de 2016.

O concelleiro do Grupo Veciños, Franciso Javier Limia, aclara:

- Aquí para xustificalo o mellor argumento é o que lle dicían antes das rúas: os documentos gráficos. De feito, cando chove é bastante complicado andar por el, e xa sen chover a xente maior teno bastante complicado para andar por el.

O concelleiro do BNG, Alberto Rodríguez García, di:

- Eu vou votar a favor.

Agora o alcalde manifesta:

- O Grupo popular en relación a esta moción, vai facer as seguintes consideracións:

A Xunta de Albarellos, cando veu falar comigo, alá polo mes de novembro, xa me fixo esta reivindicación, iso tamén o hai que poñer de manifesto. Eu contesteille que ao ser municipal, ten que ser o Concello o encargado do seu arranxo. Niso estamos. Enviaremos aos técnicos municipais para que fagan unha valoración do que custa o arranxo e, ou ben con medios propios, ou ben cunha adxudicación externa, faremos todos eses traballos necesarios para o arranxo do cemiterio municipal. En consecuencia, o Partido Popular vai votar a favor da moción presentada por Veciños de Monterrei relativa ao arranxo do cemiterio municipal de Albarellos.

A continuación sométese a moción a votación e o Pleno, por unanimidade, ACORDA aprobar a moción do Grupo Veciños de Monterrei sobre o arranxo do cemiterio municipal de Albarellos

PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE MONTERREI, A TRAVÉS DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN, NA EUROCIDADE CHAVES-VERÍN

O alcalde dá conta aos asistentes do escrito da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín no que se comunica o ingreso desta entidade como membro da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Eurocidade Chaves-Verín. Neste senso, é necesario seguir o procedemento previsto no artigo 4 do Real Decreto 23/2015 que garante a aplicación efectiva do regulamento (CE) nº 1082/2006, na súa versión modificada polo Regulamento (UE) nº 1302/2013, polo cal é precisa a adopción do oportuno acordo da Asemblea da vontade de participación da Mancomunidad na AECT.

Á vista do anterior, o alcalde fai a seguinte proposta:

Primeiro. Aprobar a intención de participación do Concello de Monterrei na Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Eurocidades Chaves-Verín.

Segundo. Designar ao alcalde do Concello de Monterrei, José Luis Suárez Martínez ou concelleira/o en quen delegue como representante deste Concello para a realización de todas aquelas actuacións necesarias para levar a cabo a futura integración.

Terceiro. Proceder á tramitación da futura integración na AECT Eurocidade Chaves-Verín consonte co sinalado no artigo 4.2 do *Real decreto 23/2015 polo que se adoptan as medidas necesarias para a aplicación efectiva do Regulamento (CE) nº 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre a Agrupación Europea de Cooperación Territorial*, levándose a cabo os traballos necesarios para a redacción do texto do convenio e dos estatutos propostos,



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

nos termos sinalados no apartado primeiro do artigo 4 do antedito real decreto.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Persoal, Réxime Interior, Transparencia, Participación Cidadá, Bens e Poboación, do 29 de xaneiro de 2016.

Deseguido, o alcalde explica ao asistentes:

- Isto, como xa se falou na comisión informativa, é un ofrecemento que nos fai o Concello de Verín. Era un pedimento que xa lle levabamos feito dende hai tempo e agora aceptárono. É un proceso longo, confuso, xuridicamente bastante complicado. Vanse constituír unha serie de equipos de traballo e todo isto da integración hai que facelo a través da Mancomunidade. Pero a Mancomunidade non pode adoptar por si mesma este acordo de integración se non conta coa delegación por parte dos concellos que integran a Mancomunidade para poder integrarse na Eurocidade. O que estamos a facer son acordos nos diferentes concellos, que deleguen na Mancomunidade, para que sexa a Mancomunidade a que se integre na Eurocidade Verín-Chaves. E niso estamos, este é un dos primeiros pasos e xa lles iremos informando de como vai este tema.

O voceiro do BNG, Alberto Rodríguez García, toma a palabra para dicir:

- O Grupo de BNG vai votar favorablemente a participación do Concello de Monterrei na integración da Eurocidade, dado que foi cousa que xa se falara anteriormente, en varias ocasións, coa anterior Corporación e creo que os veciños e veciñas que sexan da mesma mancomunidade teñen os mesmos dereitos e deberes na súa participación nela.

A voceira de Veciños de Monterrei, María del Carmen Sola, di:

- Nós tamén, de feito foi un rogo que xa fixeramos.

A continuación sométese o asunto a votación e o Pleno, por unanimidade, ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía sobre a participación do Concello de Monterrei na Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Eurocidades Chaves-Verín.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Antes de pasar a tratar este asunto, o alcalde pregunta aos voceiros dos grupos políticos se teñen algunha moción urxente, ao que lle responden que non.

A continuación o alcalde diríxese aos voceiros dos grupos para que formulen os ROGOS e as PREGUNTAS.

Toma a palabra o voceiro do BNG, Alberto Rodríguez García, e formula os seguintes rogos e preguntas:

- Dado que ten saído na prensa estes días as catas que se están a facer no camiño dos accesos ao Castelo, polo tema da calzada romana, paréceme un pouco incoherente descubrir esta calzada cando van empezar os accesos novos agora e van pasar por aí camións pesados. A miña pregunta é: que vai pasar con esa calzada?, vaise descubrir?, vai quedar limpa? Porque se se van facer agora os accesos, se se vai adoptar algunha medida.

O alcalde respóndelle:

- Está agora á espera do informe de Patrimonio.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Puntualiza o secretario:

- O informe de Patrimonio é favorable.

Indica de novo o voceiro do BNG:

- Supoño que se van tomar medidas para que non se deteriore.

Ao que o alcalde di:

- Supoño que se tomarán medidas correctoras.

Continúa de novo o voceiro do BNG :

- É que claro, se se van agora facer obras para o arranxo do Castelo e están descubrindo unha calzada, que suspostamente é romana, e non se vai ter coidado para que se estrague... Supoño que tomarán algún tipo de medidas.

Di o alcalde:

- Eu supoño que si, que tomarán algún tipo de medidas.

A seguir, Alberto Rodríguez, fai os seguintes rogos:

- Sei que é complicado porque a xente é como é, pero solicitamos ao Concello que limpe o monte Atalaia porque iso parece un vertedoiro.

Indícalle o alcalde:

- Niso estamos. Xa intentamos nos magostos facer algo en colaboración co Concello de Verín e agora quedamos en falar con eles para ver se entre os dous concellos podemos facer unha limpeza. Nós tamén estamos cos de Formación Dual, o que pasa é que só traballan mércores, xoves e venres e teñen tamén bastante traballo, pero a ver cando se poidan desprazar alí, a aquela zona, para limpar porque, a verdade, dá pena. Pero é difícil controlado, a xente non ten civismo.

Continúa Alberto:

- Solicitar tamén ao Concello que faga as xestións oportunas para intentar arranxar a estrada que vai de Vences a Arcucelos, que está bastante deteriorada.

Explicálle o alcalde:

- A estrada de Vences a Arcucelos é da Deputación Provincial. A Deputación, creo que eu xa o tiña manifestado, vén gastando preto de 100.000 €. Mañá precisamente van pintar o tramo de Estevesiños, e hai que seguir nese camiño. Agora, aproveitando o tema do AVE, vanse arranxar vías provinciais. Pola nosa non é que pasen moitos camións do AVE, pero algún pasa, entón a ver se con esa xustificación lle damos metido máis diñeiro para arranxala porque, loxicamente, con 100.000 € todos os anos que se meten, non a damos rematado. Eu xa falei co alcalde de Laza e quedei en ter unha reunión coas empresas do AVE para ver se damos metido esa vía provincial nesas reparacións ás que se comprometeron as empresas do AVE.

Toma de novo a palabra o voceiro do BNG, esta vez para formular unha pregunta:

- Quería preguntar se xa sabemos cando se vai rematar a pista que vai de Vences a Castrelo. Aquele que quedara pola metade.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

A isto respóndelle o alcalde:

- Si. Precisamente mañá hai unha reunión na que van presentar o Plan Marco. Este último ano, no 2015, non o houbo, e este ano vaino volver haber. E tócanos uns 59.000 €, me parece. Veu onte o oficio de Medio Rural. A prioridade vai ser rematar ese anaco que quedou pendente de pista entre Estevesiños e a parte de Castrelo, un pouco antes da ponte.

Intervén agora o concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia, para aclarar:

- Gran parte do camiño que queda ata a ponte aínda é de Castrelo.

Continúa o alcalde:

- Ben, este ano vaise facer con cargo ao Plan Marco.

O concelleiro do BNG, Alberto Rodríguez García continúa preguntando:

- En relación co centro de día, se temos algún tipo máis de información, que imos facer con iso, se imos poñernos todos de acordo...

Ao que lle responde o alcalde:

- Non temos, e eu vou ter unha reunión co conselleiro para ver se lle dámos un impulso. A última vez dixéranos iso, que coa posibilidade de varios concellos, pero nós aquí niso si que o tiñamos complicado unirmos con outros concellos e, ben, terei que volver petar na porta a ver que me di.

E por último, o voceiro do BNG, fai o seguinte rogo:

- Na estrada que vai de Albarellos a Vilaza, parece que hai problemas entre os veciños polos contedores, e creo que xa viñeron hoxe aquí pola mañá. A ver se por parte do Concello se lle pode mandar unha carta a ese veciño para que non ande movendo os contedores de sitio.

Sinala o alcalde:

- Iso é o que imos facer inicialmente e se segue facéndoo, teremos que adoptar outro tipo de medidas, como por exemplo unha suxeición do contedor.

Deseguido a voceira do Grupo Veciños de Monterrei, María del Carmen Sola Pérez, fai o seguinte comentario:

- Ben, eu só vou facer un comentario do que dixeches antes da calzada. A calzada, efectivamente, é do século XV, parece ser, o que pasa é que o que non ten moito sentido é que se dean conta agora que estaba aí esa calzada, xa existía. O loxico sería que fixeran as catas primeiro e logo orzamentaran a obra, e non ao revés. Agora a obra xa está orzamentada e non sei o que vai pasar. Non sei se vostede sabe algo.

Respóndelle o alcalde:

- Eu só sei que as obras seguirán o seu curso.

Continúa a voceira do Grupo Veciños de Monterrei:

- En relación tamén ao Castelo de Monterrei, sobre a sentenza do contencioso-administrativo de Ourense, do día 3 de decembro, que anula a licenza de obra dada polo Concello para construír o hotel no Castelo, queremos poñer de manifesto que o Concello incumpriu o seu propio plan urbanístico ao conceder unha licenza municipal en maio de 2014. Curiosamente aprobaran o plan urbanístico 2 meses antes desta concesión. E incumpriu en dous



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

aspectos: deu máis superficie edificable da permitida e outorgou dúas habitacións máis das permitidas polo PXOM, que eran 10. Entón, a miña pregunta é: o Concello de Monterrei apelou esta senteza?

Respóndelle o alcalde:

- Si, claro.

Pregunta de novo a voceira:

- Iso decídese nalgunha xunta de goberno ou non é preciso?

Ao que lle explica o alcalde:

- Iso non é preciso. O alcalde ve unha sentenza que non é favorable e, loxicamente, o alcalde ten que defender os intereses do Concello.

María del Carmen Sola fai agora a seguinte pregunta:

- Canto lle vai custar ao Concello o traballo mal feito?

Dille o alcalde:

- En que sentido?

Engade a voceira:

- En canto a gastos de xuízo.

Indícalle o alcalde:

- En canto a gastos de xuízo xa lle digo que o avogado nada, porque nos defende a Deputación. Préstanos asistencia xurídica gratuíta a Deputación. O único, gastos de procurador, 300 €, aínda veu a factura recentemente. Nese senso, sáenos barato.

A continuación a voceira de Veciños fai o seguinte comentario:

- Vostede comentou na prensa que estudaría un posible cambio no PXOM local, ou sexa, que se é ilegal, cambiamos a lei para que sexa legal. Que rápido se moven para defender os intereses dunha empresa privada... Sería bo que fose igual de áxil para defender os intereses dos veciños.

A isto replicalle o alcalde:

- Eu penso que aí vostede pásase un pouco de frenanda. Vostede está facendo xa de todo, de avogada defensora da outra parte.

Continúa a dicir a voceira:

- Eu simplemente me limito á sentenza.

Ao que o alcalde lle di:

- Pero parece mentira que vostede sexa concelleira deste concello. Aí o Concello ten unha interpretación do Plan tan legal como a súa interpretación.

Sinala a voceira:

- Non é a miña. É a do xuíz.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

De novo o alcalde replica:

- Si, para iso está a xustiza e os recursos. E o que interpreta un xuíz, que no Parador non pode haber 12 habitacións, este concello entende que o límite de 10 habitacións é por edificio. É interpretación.

A voceira indica:

- Se eu lin a sentenza.

Ao que lle di o alcalde:

- É interpretable.

Remata co asunto a voceira dicindo:

- Esperaremos ao Tribunal Superior de Xustiza.

E o alcalde di:

- Esperaremos.

De novo a voceira de Veciños de Monterrei toma a palabra para formular a seguinte pregunta:

- Na acta da Xunta de Goberno do día 30 de novembro de 2015 apróbase a prórroga do contrato do axente de emprego e no punto terceiro comprométese o Concello a custear a parte non subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria. Canto é esa parte non subvencionada?

Respóndelle o alcalde:

- É unha porcentaxe, creo que é o 65%.

Sinala de novo a voceira:

- Pregunto. Se mo quere dicir agora, ou senon no seguinte Pleno.

Respóndelle o alcalde:

- Respondémoslle no seguinte Pleno.

Intervén o secretario para dicir:

- O custo total creo que son uns 26.000 ou 27.000 € e a Consellería dáunos 5.000 ou 6.000 €.

Pregunta agora a voceira de Veciños de Monterrei:

- Señor alcalde, está vostede seguro de que a subvención que outorga a Consellería de Economía, Emprego e Industria é para a prórroga do axente de emprego ou para a contratación dun axente de emprego?

Respóndelle o alcalde:

- Estou seguro que é para a prórroga do axente de emprego.

Formula agora un rogo a voceira:

-Volvo reclamar o farol da rúa Outón de Flariz.

Continúa a voceira coa seguinte pregunta:

- Quen fixo a pista de sábreo que fixeron en Sandín, que enlaza cunha pista da parcelaria de



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Flariz?.

Respóndelle o alcalde:

- Fíxose a través da Deputación. Pedíuselle cooperación á Deputación e fíxose con maquinaria da Deputación. O custo para o Concello foi pagar o gasóleo das máquinas.

Deseguido, pregunta a voceira:

- E teñen pensado botarlle zahorra ou canalizar a auga da pista?

Respóndelle o alcalde:

- Zahorra xa lle digo que non se vai facer. As canalizacións das augas si que as imos intentar facer nós.

Sinala María del Carmen Sola:

- E que non sei se se decataron que está en moi mal estado, tanto esa como a que vai ao cemiterio.

A continuación pregunta novamente a voceira:

- Se me podía contestar á última pregunta que lle fixen no Pleno anterior: en que situación urbanística se atopa a vivenda que está detrás da adega Vía Arxénte?

Respóndelle o alcalde:

- A iso pódelle contestar Marina que tomou nota. Está en situación legal, ten todos os permisos.

Continúa María del Carmen Sola:

- Falando tamén de urbanismo, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, polo que escoitamos estes días nunha destas comisións, mandou derrubar algo en Albarellos. Podíanos informar do que foi iso?

Ao que lle di o alcalde:

- Non teño coñecemento diso.

Explica a voceira:

- O outro día nunha comisión veu a arquitecta técnica e comentoulle a vostede en voz alta, por iso o escoitamos, algo dun derrube da Axencia de Protección Urbanística.

Di entón o alcalde:

- Haille que preguntar á Sonia, porque non me lembro.

Engade a voceira:

- E que nos informe porque se temos un plan urbanístico será para cumprir. Eu penso que o Concello ten que ser o que controle iso.

Intervén agora o concelleiro do Grupo Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia Feijoo e formula os seguintes rogos:

- O farol no pozo en Estevesiños, que xa se pedira varias veces.
- A varanda da Igrexa en Mixós, antes de que caía ninguén.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

- O da fonte de Ángel Medeiros, non sei se a foron arranxar. Eu creo que non.

Di o alcalde:

- Fórona ver e non lle ven unha solución fácil. É o que din os nosos fontaneiros, que eu fontaneiro non son.

Sinala o concelleiro de Veciños:

- Limpándoa e cunha pintura...

O alcalde puntualiza:

- Iso dio vostede. Eu fontaneiro non son e non me meto no traballo dos fontaneiros.

Indica agora o concelleiro de Veciños de Monterrei:

- Aquí en Albarellos quéixanse de que as fins de semana se quedan sen auga. Vai diminuindo a presión ata que se quedan completamente sen auga.

Dille o alcalde:

- Sería algunha avaría.

Sinala Francisco Javier Limia:

- Debeu haber algo máis. Non sei se por falta de caudal.

Incide o alcalde:

- Houbo varias avarías.

Novamente o concelleiro toma a palabra e di:

- Hai unha diminución no IBI no ano 2015 de recibos prescritos moi distinta ao do resto dos anos. Todos os anos, na última xunta de goberno se dan de baixa unhas cantidades, 2.000, 2.001, 2002...relativamente pequenas pero no 2015 chega a 12.000 €.

Intervén o secretario e di:

- Iso é moi fácil de explicar, é a revisión catastral. Houbo unha revisión catastral, por un importe que agora mesmo non che sei dicir, trinta e tantos mil euros. Hai que facer as compensacións dos recibos pagados e hai que descontalos. Que saibades que agora tamén hai unha revisión catastral que vai a case 100.000 €, pero tamén hai que compensar os recibos que esa xente pagou dos últimos catro anos, co cal báixase moito iso. Hai que facer o asentamento contable, recoñecemento de padrón, tanto, e hai que dar de baixa, tanto.

E por último pregunta o concelleiro de Veciños de Monterrei:

- Por último, un convenio que se asinou cunha comunidade de montes. Se ese convenio se pode estender ao resto das localidades ou se se lle comunicou ao resto das xuntas de veciños.

Respóndelle o alcalde:

- As xuntas veciñais que viñeron falar comigo, ese ofrecemento fíxoselle a todas. Alberto está aquí presente e pode dar fe que efectivamente se fixo cos de Albarellos e co resto.

Termina o concelleiro dicindo:



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

- Sabe se hai algunha aldea máis que se queira adherir a el?

Contéstalle o alcalde:

- En principio só foron os de Vences os que manifestaron o seu desexo.

E sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e redáctase esta acta, que o presidente asina comigo, o secretario, que dou fe.

O presidente,

O secretario,



